

# **ESTATUTOS ASOCIACIÓN MOBI-LIZA**

## **TITULO I**

### **Artigo 1. Denominación**

Ao abeiro da Lei Orgánica 1/2002, de 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación, constitúese Mobi-Liza, asociación por unha mobilidade responsable. A súa sigla é Mobi-Liza.

### **Artigo 2. Definición**

Mobi-Liza se constitúe e define como sen fin de lucro, non governamental, democrática, apartidaria, independente, asemblearia, transparente e con funcionamento plural; constituída co obxecto de fomentar, defender e promover unha mobilidade responsable en todos os ámbitos, mediante a investigación, a sensibilización social, o deseño e implementación de proxectos, a realización de actividades relacionadas coa mobilidade, a interlocución coas Administracións Públicas e a acción non-violenta.

### **Artigo 3. Regulación**

Mobi-Liza rexerese polos presentes Estatutos e pola Lei orgánica 1/2002, de 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación e demais lexislación existente en materia de asociacións que lle sexa aplicable.

### **Artigo 4. Fins**

Mobi-Liza áchase facultada para levar a cabo toda clase de actividades e/ou accións xurídicas que teñan relación cos seus fins, que serán os seguintes:

- A promoción e fomento da mobilidade a pé como xeito universal e atemporal de desprazamento, e a creación de infraestruturas que favorezan os desprazamentos a pé.
- A promoción e fomento do uso da bici entre a cidadanía como modo de transporte habitual, e a creación de infraestruturas relacionadas coa bicicleta.
- A promoción e fomento do uso do transporte colectivo e público como medio de transporte habitual, e a creación de infraestruturas relacionadas co transporte colectivo e público.
- A defensa dos intereses das persoas que se desprazan a pé, en bicicleta ou en transporte colectivo e público.
- A promoción do uso combinado da bicicleta con outros medios de transporte.
- O fomento de toda medida que favoreza a transformación das nosas cidades, pobos e aldeas en lugares máis habitables.

### **Artigo 5. Actividades**

Mobi-Liza cumprirá os seus fins cos seguintes medios:

1. Actuando como voceira das reivindicacións das persoas que se desprazan a pé, en bicicleta ou en transporte colectivo e público.
2. Promovendo publicacións e realizando informes, estudos, conferencias, asesoramento, contratacións e calquera outra actividade análoga sobre temas relacionados cos fins de Mobi-Liza.
3. Realizando cantos actos xurídicos fosen necesarios para a consecución dos seus fins sociais.
4. Desenvolvendo programas e actividades de concienciación e educación co obxecto de que a sociedade adopte actitudes positivas ao respecto dos fins da asociación.
5. Realizando labores de seguimento e vixilancia das actuacións públicas e privadas relacionadas coa mobilidade responsable.
6. Organizando actividades lúdicas e formativas relacionadas cos fins da asociación.
7. Calquera outras actividades e funcións que permitan a consecución dos seus fins.

### **Artigo 6. Colaboración con outras entidades e organismos**

Na medida das súas posibilidades, Mobi-Liza poderá colaborar ou participar en actividades doutras entidades e organismos públicos ou privados de ámbito galego, estatal ou internacional sempre e cando esta colaboración non contradiga os fins e ideario da asociación.

### **Artigo 7. Duración**

A asociación constitúese con carácter indefinido. Unicamente se poderá disolver por acordo dunha Asemblea Extraordinaria (segundo o establecido no artigo 34) ou por calquera das causas previstas nas leis.

### **Artigo 8. Enderezo social**

O enderezo social da asociación é: R/ Cordelería,47, 4º dereita.C.P:15003.A Coruña  
Poderán ser creados locais sociais nesta e noutras cidades mediante acordo da Asemblea Xeral, que terá atribucións para cambiar tanto o domicilio coma os locais, dando conta do seu acordo ao Organismo encargado do Rexistro.

### **Artigo 9. Ámbito xeográfico**

O ámbito xeográfico de Mobi-Liza comprende todo o territorio galego, sen prexuízo de poder levar a cabo iniciativas noutros territorios directamente ou a través da súa vinculación a entidades estatais ou de ámbito internacional.

### **Artigo 10. Prohibición da utilización para beneficio propio**

Ningún membro de Mobi-Liza poderá empregar Mobi-Liza, os seus bens ou as súas actividades para beneficio propio.

## **TITULO II**

### **Artigo 11. Admisión de socios/as**

Serán socios/as da Asociación as persoas maiores de idade, ou as menores con autorización dos seus pais, que, estando de acordo cos fins da Asociación, sexan admitidas pola Xunta Directiva tras comprometerse a cumprir os Estatutos e os acordos dos órganos de goberno.

As solicitudes de admisión dirixiranse ao Presidente, por escrito ou de palabra, resolvendo a Xunta Directiva sobre o ingreso. Contra os acordos de admisión ou non admisión, poderán interpoñer, o interesado ou a décima parte dos socios, recurso de reposición ante a primeira Asemblea Xeral que se celebre tras a notificación e publicación do acordo. Non se adquirirá a condición de socio mentres non se satisfaga a posible cuota de entrada na cuantía e forma que estableza a Asemblea Xeral.

### **Artigo 12. Dereitos dos socios/as**

1. Participar con voz e voto na Asemblea Xeral.
2. Coñecer os presentes Estatutos, así coma o Regulamento de Réxime Interno.
3. Ser informados dos acordos adoptados polos órganos da Asociación.
4. Elixir e ser elixidos como membros da Xunta Directiva.
5. Participar nas actividades e actos sociais que organice a Asociación.
6. Presentar ante os órganos da Asociación iniciativas e suxerencias relativas aos fins ou ás actividades da mesma.
7. Formar parte dos grupos de traballo que se constitúan segundo as necesidades da Asociación.
8. Participar con voz, pero sen voto, nas reunións da Xunta Directiva.
9. Coñecer o estado económico das contas da Asociación.
10. Incluir calquera tema como punto da orde do día das Asembleas Xerais.

### **Artigo 13. Deberes dos socios/as**

1. Colaborar na consecución dos fins da Asociación prestando cantos servizos determinen os Estatutos, o Regulamento de Réxime Interno ou os acordos dos órganos de goberno da

Asociación.

2. Colaborar para que o ambiente dentro da asociación sexa cordial e de colaboración, mantendo un rigoroso respecto ao resto de socios/as.
3. Desempeñar os cargos para os que foron elixidos.
4. Asistir ás Asembleas Xerais.
5. Satisfacer as posibles cuotas de entrada e periódicas que acorde a Asemblea Xeral.
6. Acatar os Estatutos así como cumprir o Regulamento de Réxime Interno e os acordos dos órganos de goberno da Asociación.

#### **Artigo 14. Perda da condición de socio/a**

1. Por falecemento.
2. A petición do interesado, pero isto non lle eximirá de satisfacer as obrigacións que teña pendentes para coa Asociación.
3. Por falta de pago da cuota vixente.
4. Mediante acordo da Asemblea Xeral por accións ou omisións que perxudiquen gravemente á Asociación. Neste caso o acordo de separación irá precedido de expediente sancionador, aberto pola Xunta Directiva, no que deberá ser oído o interesado, quen terá dereito a expoñer a súa defensa, antes de que a mesma tome unha decisión. Contra dito acordo sancionador e de proposta de separación da Xunta Directiva caberá recurso ante a primeira Asemblea Xeral que se celebre.

#### **Artigo 15. Sanción aos/ás socios/as**

Os actos ou omisións dos socios poderán ser sancionados pola Xunta Directiva por infrinxir reiteradamente os presentes Estatutos, o Regulamento de Réxime Interno ou os acordos dos órganos de goberno da Asociación. O acordo de sanción, que deberá ser motivado, irá precedido dun expediente no que o interesado terá dereito a exponer a súa defensa. As sancións poden comprender desde a suspensión temporal como socio/a ata a proposta de separación definitiva da Asociación, nos termos que prevé o artigo 14 no seu punto cuarto. Perante o acordo de sanción poderase interpoñer recurso de reposición fronte a primeira Asemblea Xeral que se celebre.

#### **Artigo 16. Órganos da Asociación**

Son órganos de goberno da Asociación:

1. A Asemblea Xeral de socios.
2. A Xunta Directiva.

### **TITULO III**

#### **Artigo 17. Dirección e administración**

A dirección e administración da Asociación serán exercidas pola Xunta Directiva e a Asemblea Xeral. O persoal laboral da Asociación, se o houbera, será nomeado pola Xunta Directiva.

#### **Artigo 18. Asemblea Xeral**

A Asemblea Xeral é o órgano supremo da Asociación e está integrada por todos/as os/as socios/as da mesma. As Asembleas Xerais integraranse polos/as socios/as asistentes e quedarán válidamente constituídas sempre que estean presentes, como mínimo, unha décima parte do total de socios. O Presidente e o Secretario das Asembleas Xerais serán elixidos de entre os presentes e en ningún caso poderán desempeñar estas funcións membros da vixente Xunta Directiva.

Os acordos adoptaranse por maioría simple dos votos emitidos polos/as socios/as, presentes. No que respecta ós puntos 2, 5, 6 e 7 do artigo 19, para a súa aprobación será necesaria a maioría absoluta, é dicir, a metade máis un, dos votos emitidos. A continuación levarase un Libro de Actas que firmarán o Presidente e o Secretario e cuxo contido deberá ser sometido a exame e ratificación pola Asemblea que se celebre inmediatamente despois. Os acordos adoptados conforme ós preceptos anteriores obligarán a todos os/as socios/as, incluso aos/ás

non asistentes.

As Asembleas poderán ser Ordinarias ou Extraordinarias.

### **Artigo 19. Asemblea Xeral Ordinaria**

A Asemblea Xeral Ordinaria reunirase, polo menos, unha vez cada semestre. Será convocada por escrito polo Presidente, previo acordo da Xunta Directiva, cunha antelación mínima de 15 días, mediante anuncio publicado nos medios de comunicación da Asociación, facendo constar a orde do día, a data, o lugar e a hora de celebración. Para incluír un asunto como punto da orde do día será necesario o acordo da Xunta Directiva ou da décima parte dos socios.

Son facultades da Asemblea Xeral Ordinaria:

1. Tratar os puntos da orde do día.
2. Examinar e aprobar a xestión da Xunta Directiva.
3. Examinar e aprobar as contas e o balance do exercicio finalizado.
4. Aprobar o presuposto de ingresos e gastos do seguinte exercicio.
5. Aprobar o calendario mínimo de actividades para o seguinte exercicio.
6. Aprobar o Regulamento de Réxime Interno.
7. Revisar e ratificar a contía da cuota de socio proposta pola Xunta Directiva.
8. Tratar calquera outro asunto urxente proposto pola Xunta Directiva ou por un/unha socio/a.
9. Interpretar os Estatutos e encher as súas lagoas.
10. Acordar a separación definitiva dun/dunha socio/a.
11. Cambiar o domicilio social, que non se considerará modificación dos Estatutos.

### **Artigo 20. Asemblea Xeral Extraordinaria**

A Asemblea Xeral Extraordinaria reunirase en convocatoria especial cando así o esixan as disposicións legais vixentes, a petición da Xunta Directiva ou porque así o solicite a quinta parte dos/das socios/as. O anuncio da convocatoria conterá os mesmos requisitos que o mencionado no artigo anterior.

Son facultades da Asemblea Xeral Extraordinaria:

1. As mesmas cas da Asemblea Xeral Ordinaria.
2. Modifica os Estatutos da Asociación.
3. Elección e cese dos membros da Xunta Directiva.
4. Federación con outras Asociacións.
5. Autorizar a disposición, enaxenación, gravamen ou hipoteca dos bens sociais.
6. Acordar a disolución da Asociación e nomear os/as liquidadores/as.
7. Solicitar a declaración de Asociación de utilidade pública.
8. Todas as non conferidas expresamente á Asemblea Xeral Ordinaria.

## **TITULO IV**

### **Artigo 21. Funcións da Xunta Directiva**

1. Dirixir a Asociación e levar a xestión da mesma.
2. Someter á consideración da Asemblea Xeral os asuntos acordados válidamente, así coma os presupostos e o estado de contas da Asociación.
3. Fixar a data, a hora, o lugar e a orde do día da Asemblea Xeral.
4. Crear comisións cun fin específico.
5. Calquera outra facultade que nela delegue a Asemblea Xeral.

### **Artigo 22. Elección da Xunta Directiva**

Os membros da Xunta Directiva, que será elexida cada dous anos, serán elexidos pola Asemblea Xeral Extraordinaria, podendo ser reelexidos os seus membros ao terminar o mandato. Poderá ser candidato a formar parte da Xunta Directiva calquer socio cun ano de antigüidade. A Asemblea elixirá nove membros, que serán os que obteñan maior número de

votos de entre todos os candidatos. Cada socio poderá votar en cada papeleta a un máximo de nove candidatos.

### **Artigo 23. Membros da Xunta Directiva**

A Xunta Directiva estará integrada por un Presidente, un Vicepresidente, un Secretario, un Tesoureiro e cinco Vocais. Ditos cargos serán de libre reparto entre os membros electos, por acordo da primeira sesión da Xunta Directiva posterior á súa elección. Dita sesión terá lugar durante os 15 días posteriores á elección. De non producirse dito acordo, convocarase inmediatamente unha Asemblea Xeral Extraordinaria e serán os socios quen decidan qué cargo se adxudica a cada membro.

### **Artigo 24. Sesións da Xunta Directiva**

A Xunta Directiva celebrará as súas sesións tantas veces o determine o Presidente ou o Vicepresidente, a iniciativa propia ou a petición de calquera dos seus compoñentes. Será presidida polo Presidente, e, na súa ausencia, polo Vicepresidente, o Secretario, por este orde, e a falta de ambos polo membro da Xunta Directiva de maior antigüidade na Asociación. Para que os acordos da Xunta Directiva sexan válidos deberán ser adoptados pola maioría simple dos votos dos presentes, sendo necesaria a presenza, polo menos, da metade máis un dos seus membros. En caso de empate decidirá o voto do membro da Xunta Directiva que presida a reunión. Dos acordos o Secretario, levantará acta, que se transcribirá ao Libro de Actas. En ausencia de ambos designarase por sorteo quen haberá de levantar acta da sesión. En ningún caso poderá presidir e levantar acta dunha sesión da Xunta Directiva unha mesma persoa.

O contido do Libro de Actas, no que se refire ós acordos da Xunta Directiva, deberá ser sometido ao exame e ratificación da Xunta Directiva que se celebre inmediatamente despois.

### **Artigo 25. Funcións do Presidente**

1. Convocar e presidir as reunións da Xunta Directiva e executar os acordos tomados nas mesmas, así coma os adoptados pola Asemblea Xeral.
2. Representar legalmente á Asociación.
3. Velar polo cumprimento dos fins da Asociación.
4. Firmar xunto co Tesoureiro as ordes de pago acordadas pola Xunta Directiva, certificados extendidos polo Secretario ou o Tesoureiro e as actas das reunións da Xunta Directiva.

### **Artigo 26. Funcións do Vicepresidente**

1. Asumir as funcións que o Presidente lle delegue.
2. Substituír ao Presidente en caso de vacante, ausencia ou enfermidade.

### **Artigo 27. Funcións do Secretario**

1. Custodiar e levar os libros de actas e de rexistro de socios, documentos e arquivos da Asociación.
2. Despachar a correspondencia.
3. Firmar, xunto co Presidente, os certificados válidamente acordados pola Xunta Directiva.
4. Calquera outra actividade de carácter administrativo.
5. Firmar, xunto co Presidente, as actas das sesións da Xunta Directiva.

### **Artigo 28. Funcións do Tesoureiro**

1. Custodiar os fondos da Asociación e levar en orde os libros de contabilidade.
2. Preparar as contas e balances anuais e os presupostos para a súa aprobación pola Asemblea Xeral.
3. Firmar, xunto co Presidente, as ordes de pago válidamente acordadas.

### **Artigo 29. Funcións engadidas**

A Xunta Directiva determinará, en todo caso, as funcións concretas de cada un dos cargos anteriores e dos Vocais.

### **Artigo 30. Pérdida da condición de membro da Xunta Directiva**

1. Por falecemento.
2. A petición do interesado, o cal non lle eximirá de satisfacer as obrigacións que teña pendentes coa Asociación.
3. Por acordo da Asemblea Xeral Extraordinaria a proposta da Xunta Directiva, por accións ou omisións que perxudiquen o normal funcionamento da Xunta Directiva, por incumprimento das funcións do seu cargo ou por falta de asistencia reiterada ás reunións da Xunta Directiva. A proposta de cese deberá ser motivada e ir precedida dun expediente no que o interesado deberá ser oído.

### **Artigo 31. Vacantes na Xunta Directiva**

As vacantes que se poidan producir na Xunta Directiva cubriranse mediante convocatoria en Asemblea Xeral Extraordinaria nun prazo máximo de 30 días.

## **TITULO V**

### **Artigo 32. Patrimonio e recursos económicos da asociación**

A Asociación, que carece de patrimonio inicial, contará cos seguintes recursos económicos:

1. As cuotas obrigatorias dos socios, así coma as súas aportacións voluntarias.
2. As subvencións, axudas, donacións, legados e herdanzas procedentes de persoas e entidades públicas ou privadas.
3. O produto da actividade da Asociación e dos seus bens patrimoniais.
4. Calquera outro recurso lícito.

### **Artigo 33. Disolución da asociación**

A Asociación poderá disolverse, por vontade dos socios, estatutariamente manifestada, e polas causas ás que se refire a Lei.

### **Artigo 34. Liquidación da asociación**

En caso de disolución, a Asemblea Xeral Extraordinaria nomeará unha Comisión que procederá a liquidar o patrimonio da Asociación. O resultado entregarase a unha asociación con fins análogos.

### **Artigo 35. Exercicio económico**

A data de peche do exercicio económico será o 31 de decembro de cada ano.